



BASES DE SELECCIÓN PARA ELABORACIÓN DUNHA LISTA PARA CONTRATAR PERSOAL LABORAL TEMPORAL DE PEÓNS PARA A CAMPAÑA DE LIMPEZA DE PRAIAS 2017, (SUBVENCIÓN DA DEPUTACIÓN DA CORUÑA, EXP: 2017000006586).

1º) Obxecto da convocatoria. As presentes bases teñen por obxecto a regulación do procedemento selectivo para as contratacións laborais temporais para desempeñar as funcións de peón de limpeza de praias do municipio de Porto do Son ano 2017, **estas contratacións están financiadas pola Deputación da Coruña Cod. Exp.: 2017000006586** e polo Concello de Porto do Son. As contratacións estarán condicionadas a achega da subvención provincial.

2º) Número de prazas: **12**.

Na presente convocatoria resérvase unha (1) praza para mulleres vítimas de violencia e unha (1) praza para discapacitados, sempre que superen o proceso de selección, acrediten tal condición e, no seu caso, a compatibilidade co desempeño das funcións propias do posto, en caso de quedar vacantes estas prazas, pasarán ao turno libre.

Terán a consideración de persoas con discapacidade aquelas ás que se refire o art. 1.2 da Lei 51/2003, do 2 de decembro, de igualdade de oportunidades, non discriminación e accesibilidade universal das persoas con discapacidade. Isto é, aquelas cun grao recoñecido de discapacidade igual ou superior ao 33%.

3º) Tipo e duración do contrato. Contrato laboral temporal para a realización de obra ou servizo determinado. A duración do contrato será de **60 días naturais, a xornada parcial** (24 horas semanais) e coas retribucións segundo convenio.

A xornada de traballo semanal, respectando en todo caso os períodos de descanso legalmente establecidos, determinarase pola Concellería competente. (Coa finalidade de organizar a limpeza os domingos ou como resulte procedente).

4º) Obxecto do contrato. O persoal contratado realizará o traballo de peón de limpeza de praias do municipio de Porto do Son, en réxime de dispoñibilidade plena, realizando as seguintes funcións:

- Mantemento e limpeza de praias e areas.

Así mesmo, realizará aquelas outras tarefas que lle poidan asignar os órganos municipais competentes ou os seus superiores xerárquicos para a satisfacción das necesidades propias do servizo de obras e medio ambiente.

Os traballadores terán como punto de partida e chegada ao seu posto de traballo o edificio do Concello de Porto do Son ou aquel outros lugares que se determinen segundo o plan de traballo.

5º) Requisitos xerais dos aspirantes. Os aspirantes deberán reunir os seguintes requisitos, referidos á data na que remate o prazo de presentación de instancias:



a) Ser español ou cidadán dos estados membros da Unión Europea, ou daqueles outros con respecto aos que, en virtude de tratados internacionais coa Unión Europea ratificados por España, sexa aplicable a libre circulación de traballadores.

b) Ter cumpridos os 16 anos de idade e non exceder, no seu caso, da idade máxima de xubilación forzosa.

c) Non padecer enfermidade ou eiva física que impida o desenvolvemento dos traballos de peóns de limpeza de praias.

d) Non estar separado do servizo de ningunha Administración pública en virtude de expediente disciplinario nin inhabilitado por sentenza firme para o exercizo de funcións públicas.

e) Non incorrer en ningunha das causas de incompatibilidade que determine a lexislación vixente.

f) Ser desempregado inscrito no Servizo Público de Emprego de Galicia.

g) Certificado que acredite, como mínimo, CELGA 1 ou equivalente.

h) Estar en posesión de, como mínimo, do certificado de escolaridade ou equivalente. No caso de titulacións obtidas no estranxeiro deberán posuír o documento que acredite fidedignamente a súa homologación.

6º) Publicidade da convocatoria. Anuncio no taboleiro de edictos da Corporación e no xornal El Correo Gallego. A efectos puramente informativos, estas bases tamén publicaranse na paxina web do concello: <http://www.portodoson.gal>.

7º) Solicitudes. As persoas interesadas deberán presentar a correspondente solicitude dirixida ao Sr. Alcalde, consonte ao modelo que se facilitará nas oficinas municipais, no rexistro xeral do Concello de 8:00 a 14:00 horas. **O prazo de presentación de solicitudes será de 5 (cinco) días naturais a contar desde o día seguinte ao da publicación do anuncio no xornal El Correo Gallego.**

A presentación de solicitudes poderá facerse ben no rexistro xeral do Concello, ben en calquera das formas establecidas no art. 16 da Lei 39/2015, do 26 de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, no horario sinalado no parágrafo anterior. **As solicitudes que se presenten a través da oficina de correos ou a través do Portelo Único** deberán entregarse en sobre aberto para ser seladas e datadas polo funcionario de Correos ou da administración receptora da documentación. Nestes dous casos, unha vez presentada, deberá enviarse vía fax ao Concello (981-767358) a solicitude debidamente selada antes do fin do prazo para a presentación de solicitudes,

Coa solicitude deberanse achegar os seguintes documentos:

- fotocopia do DNI.

- fotocopia da tarxeta de demandante de emprego.

- Fotocopia do certificado que acredite, como mínimo, CELGA 1 ou equivalente.

- Estar en posesión de, como mínimo, do certificado de escolaridade ou equivalente.

No caso de titulacións obtidas no estranxeiro deberán posuír o documento que acredite fidedignamente a súa homologación.



Os aspirantes que concorran ao procedemento de selección pola **quenda das prazas reservadas** deberán achegar a seguinte documentación xustificativa:

- **Persoas con discapacidade:** copia da resolución de recoñecemento do grao de minusvalía (igual ou superior ao 33%).

- **Mulleres vítimas de violencia:** copia da orde de protección a favor da vítima, cando esta estea en vigor, da sentenza condenatoria definitiva, ou definitiva e firme, que conteña medidas de protección vixentes que acrediten a actualidade da situación de violencia e, excepcionalmente, o informe do Ministerio Fiscal que indique a existencia de indicios de que a denunciante é vítima de violencia de xénero, mentres non se dite a orde de protección.

8º) Admisión dos aspirantes.

Rematado o prazo de presentación de instancias, a Alcaldía, no prazo máximo de 2 días hábiles, ditará resolución aprobando a lista provisional de aspirantes admitidos e excluídos, con indicación, se é o caso, das causas de exclusión. Esta resolución publicarase, exclusivamente, no taboleiro de anuncios da Casa do Concello. Así mesmo, e sempre que sexa posible, poderá publicarse, a título informativo e complementario, na Web oficial do Concello (www.portodoson.gal).

Os aspirantes excluídos dispoñen dun prazo de 2 días hábiles, seguintes á publicación da antedita resolución, para presentar as reclamacións oportunas ou emendas de defectos, nos termos do artigo 68 n.º 1 da Lei 39/2015 de 1 de outubro. A presentación de reclamacións, no seu caso, non suspenderá o proceso selectivo, salvo que así o acorde a Alcaldía.

Posteriormente, o Alcalde declarará aprobada a lista definitiva de admitidos e excluídos, que se publicará no taboleiro de anuncios do Concello. Na mesma resolución o alcalde determinará o lugar, data e hora da celebración do primeiro exercicio, así como a composición do Órgano de selección. Así mesmo, e sempre que sexa posible, a citada resolución publicarase, a título informativo e complementario, na web do concello (www.portodoson.gal).

En caso de non poder acudir os membros designados do tribunal, nomearase mediante Decreto de Alcaldía ao seu substituto, de dito acordo darase oportuna publicidade no taboleiro de edictos do concello.

O tribunal queda facultado para resolver cantas dúbidas e demais circunstancias e incidencias xurdan durante o proceso selectivo así como tomar os acordos que procedan en orde á cobertura da praza convocada, podendo dispoñer a incorporación de asesores especialistas que estime necesarios, con voz pero sen voto

A inclusión dos aspirantes nas listas de admitidos non supón, en ningún caso, o recoñecemento por parte desta Administración Municipal de que aqueles reúnen os



requisitos esixidos para ser nomeados para a súa contratación, requisitos que se deberán acreditar segundo o establecido na Base 9ª.

9º) Desenvolvemento do proceso.

1. **Caso práctico: Puntuarase de 0 a 6 puntos**, de carácter eliminatorio, sendo necesario acadar un mínimo de 3 puntos para superar a proba, e consistirá en contestar a unhas preguntas tipo test que previamente determinará o Tribunal cualificador. As preguntas versarán sobre os seguintes temas:
 - O Concello de Porto do Son: parroquias, lugares, praias e coñecemento en xeral.
 - Tipos de residuos nas praias e zoas costeiras, materiais e maquinaria a utilizar e modos de emprego, procedementos relacionados co traballo a desempeñar.
 - Prevención de riscos laborais no posto de traballo de limpeza de praias.

Publicarase no Taboleiro de Edictos do Concello a data, hora e lugar de realización deste proba.

2. **Entrevista curricular (Puntuación máxima: 3 puntos):**

Na entrevista avaliaranse os coñecementos dos aspirantes, mediante a realización de tres preguntas a cada aspirante, valorándose ata un máximo de 1 punto cada resposta, sobre os seguintes temas:

- os materiais, medios de prevención do traballo,
- características e lugares onde desenvolveran o posto de traballo,
- os aspectos e capacidades profesionais dos aspirantes.

O tribunal poderá no seu caso solicitar aos aspirantes a documentación pertinente que acredite a veracidade das respostas sobre os aspectos e capacidades profesionais, en caso de falsidade o aspirante será excluído desta e de futuras convocatorias.

Publicarase no Taboleiro de Edictos do Concello a data, hora e lugar de realización deste proba.

3. **Proba de coñecemento da lingua galega:** As persoas que non puideran acreditar o coñecemento da lingua galega mediante o certificado da realización do CELGA 1 ou equivalente da lingua galega deberán realizar unha proba escrita cunha duración máxima de 30 minutos. Esta proba cualificarase con APTO ou NON APTO.
4. **Concurso (1 punto):** Estar en posesión do carné de conducir B e ter dispoñibilidade de vehículo propio para a realización do traballo.

10º) Puntuación final. Os candidatos seleccionados serán os que obteñan maior puntuación. En caso de empate terán preferencia na contratación os aspirantes que acadasen maior puntuación na proba práctica, de persistir o empate, terán preferencia na contratación os aspirantes que acadasen maior puntuación na entrevista curricular e de persistir o empate terán preferencia na contratación os aspirantes que acadasen maior puntuación no concurso, de persistir o empate terán preferencia os candidatos que



presentarán a súa solicitude por orde de entrada no rexistro. Co resto de solicitantes formarase unha bolsa de traballo para cubrir posibles vacantes ou para atender necesidades imprevistas ordenados de maior a menor en función da puntuación obtida. A duración desta bolsa comprenderá ata o 31/12/2017, poderase prorrogar a duración desta bolsa de emprego por Resolución de Alcaldía.

11º) Formalización dos contratos: Formalizaranse por escrito pola Alcaldía cos candidatos seleccionados.

12º) Presentación da documentación polos aspirantes aprobados. Os candidatos seleccionados deberán presentar no Rexistro Xeral de Entrada do Concello de Porto do Son en horario de 8:00 a 14:00, **no prazo de 2 días naturais (se o último día do prazo fose inhábil, trasladarase ao primeiro hábil seguinte)** dende que se faga pública a relación de aprobados (mediante anuncio no Taboleiro do Concello) os documentos acreditativos das condicións de capacidade e demais requisitos esixidos na convocatoria:

- **Certificado ou informe médico de atoparse apto para a realización deste traballo.**
- **Declaración xurada de non atoparse incurso en causa de incapacidade ou incompatibilidade.**
- **Declaración xurada de non ter sido separado mediante expediente disciplinario do servizo de ningunha Administración Pública nin encontrarse inhabilitado para o exercicio das funcións públicas.**
- **Código IBAN de conta bancaria e copia da cartilla da Seguridade Social.**
- **Os aspirantes seleccionados deberán presentar neste momento os orixinais documentación presentada coa solicitude: DNI, tarxeta de demandante de emprego para o seu cotexo.**

De non presentarse dita documentación no prazo indicado (salvo casos de forza maior) ou no caso de deducirse da documentación que non se reúnen os requisitos esixidos, o aspirante non poderá ser contratado; sen prexuízo da responsabilidade en que puidese incurrir por falsidade na súa solicitude de participación. Neste suposto, o Alcalde-Presidente contratará ao seguinte aspirante aprobado por orde de puntuación.

Porto do Son, 2 de xuño de 2017.

O Alcalde.

Asd. José Luis Oujo Pouso.



MODELO DE INSTANCIA.

D/Dna. _____ de _____ anos,
con domicilio en _____ n° _____,
 piso _____ C.P. _____, teléfono _____, D.N.I. _____.

EXPÓN:

1º) Que desexo participar no proceso selectivo convocado polo Concello de Porto do Son para a selección de **12 PEÓNS DE LIMPEZA DE PRAIAS**.

2º) Que reúno todos os requisitos esixidos referidos á data de finalización do prazo sinalado para a presentación da solicitude nas Bases, que acepto e declaro coñecer, e que son certos os datos obrantes na presente instancia, comprometéndome a probar documentalmente todos os datos que figuran nesta solicitude.

Adxunto coa presente instancia, segundo dispón a Base 7ª da convocatoria:

- **fotocopia do DNI.**
- **fotocopia da tarxeta de demandante de emprego.**
- **fotocopia do certificado que acredite, como mínimo, CELGA 1 ou equivalente.**
- **fotocopia do certificado de escolaridade ou equivalente. No caso de titulacións obtidas no estranxeiro deberán posuír o documento que acredite fidedignamente a súa homologación.**
- **Concurso (1 punto): Estar en posesión do carné de conducir B e ter dispoñibilidade de vehículo propio para a realización do traballo.**

Por todo o exposto, SOLICITO:

SER ADMITIDO A PARTICIPAR NO PROCEDEMENTO DE SELECCIÓN PARA AS DOCE PRAZAS DE PEÓN DE LIMPEZA DE PRAIAS, EN RÉXIME DE CONTRATACIÓN LABORAL TEMPORAL DO CONCELLO DE PORTO DO SON.

En Porto do Son, ____ de _____ de 2017.

(sinatura)

SR. ALCALDE PRESIDENTE DO CONCELLO DE PORTO DO SON.

